



DATOS IDENTIFICATIVOS

Psicología. Psicología da Arte

Materia	Psicología. Psicología da Arte			
Código	P01G010V01302			
Titulación	Grao en Belas Artes			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2º	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Análise e intervención psicossocioeducativa Escultura			
Coordinador/a	Perez Fabello, Maria Jose			
Profesorado	Moraza Perez, Juan Luis Perez Fabello, Maria Jose			
Correo-e				
Web	http://http://faitic.uvigo.es/			
Descrición xeral	Esta materia proporciónalles aos alumnos un marco teórico-práctico no estudo da percepción, a memoria e o proceso creativo que lles serve de instrumento para reflexionar no mundo artístico.			

Competencias de titulación

Código	
A4	Comprensión crítica da dimensión preformativa e de incidencia social da arte. Analizar a repercusión recíproca entre a arte e a sociedade
A22	Capacidade de producir e relacionar ideas dentro do proceso creativo
A23	Capacidade de comunicación. Aprender a traducir as ideas artísticas para poder transmitilas
A25	Capacidade de (auto)reflexión analítica e (auto)crítica no traballo artístico.
A26	Capacidade de curiosidade e de sorpresa máis para alén da percepción práctica. Desenvolver a percepción mental para alén do retiniano
A27	Capacidade de traballar de maneira autónoma. Desenvolver a capacidade de suscitar, desenvolver e concluír o traballo artístico persoal
A28	Capacidade de traballar en equipo. Capacidade de organizar, desenvolver e resolver o traballo mediante a aplicación de estratexias de interacción
A29	Capacidade de iniciativa propia e de automotivación
A30	Capacidade de perseveranza. Desenvolver a constancia necesaria para resolver as dificultades inherentes á creación artística
A33	Capacidade de colaboración con outras disciplinas. Desenvolvemento de vías de relación e intercambio con outros campos de coñecemento
A34	Capacidade de colaboración con outras profesións e especialmente cos profesionais doutros campos. Identificar os profesionais adecuados para desenvolver adecuadamente o traballo artístico
A37	Capacidade de identificar os problemas artísticos e/ou socioculturais así como os condicionantes que fan posible discursos artísticos determinados. Describir os condicionantes que inciden na creación artística. Análise das estratexias de produción artística
B6	Capacidade de traballar en equipo.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecementos básicos dos procesos cognitivos básicos da percepción, memoria e emoción.	A22 A25 A27 A30
Coñecementos básicos do proceso creativo, a imaxinaría mental e os mapas cognitivos.	A27 A30 A33

Coñecementos básicos da relación do individuo no contexto social: pensamento social e influencia social.	A25 A27 A30	
Capacidade de comprensión das implicacións dos procesos de percepción, memoria e emoción no proceso artístico.	A26 A27	
Capacidade de comprensión da importancia do proceso creativo, a imaxinaría mental e os mapas cognitivos na creación artística.	A26 A27	
Capacidade para analizar e valorar a influencia social e o pensamento social e as súas implicacións na arte.	A4 A25 A27	
Capacidade para contemplar distintas posibilidades na resolución dun problema.	A26 A29 A37	
Capacidade para comprender e valorar distintos discursos.	A29 A34	
Capacidade para a procura do coñecemento a través de distintas vías.	A22 A29	
Capacidade para percibir e interpretar acontecementos con flexibilidade.	A22 A34 A37	
Capacidade para reflexionar sobre o proceso de aprendizaxe.	A25 A33	
Capacidade para desenvolver criterios de avaliación e aplicarlos ao proceso de aprendizaxe.	A22 A33 A34	
Habilidade para a creación de imaxes mentais.	A22 A33	
Habilidade para dialogar e chegar a acordos en traballos en grupo.	A23 A28	B6

Contidos

Tema	
TEMA I. Introducción	Intereses en Psicoloxía. 1. Obxecto de estudo. 2. Distintas visións. 3. Distintos métodos.
TEMA II. O mundo da percepción	1. O ollo e a cámara fotográfica. 2. A percepción como constructo mental. 3. A ciencia da percepción. 4. Principais teorías sobre a percepción.
TEMA III. Constancia perceptual	1. Constancia da cor. 2. Constancia da luminosidade. 3. Constancia da forma. 4. Constancia do tamaño.
TEMA IV. Percepción de obxectos	1. Organización da percepción. A Gestalt. 2. Procesamento neuronal. 3. Procesamento perceptual. 4. Coñecemento, experiencia e procesamento.
TEMA V. Percepción do espazo	1. Claves oculomotrices. 2. Claves pictóricas. 3. Claves producidas polo movemento. 4. Disparidade binocular e estereopsia. 5. Desenvolvemento da visión binocular.
TEMA VI. Ilusións perceptuais	1. Tipos de ilusións. 2. Ilusión horizontal-vertical. 3. Ilusión da lúa. 4. Ilusión de Muller-Lyer. 5. Ilusión de Ponzo. 6. Figuras ambiguas e imposibles.
TEMA VII. Memoria. O enfoque do procesamento de información.	1. Rexistro sensorial. 2. Memoria a curto prazo. 3. Memoria a longo prazo. 4. Niveis de procesamento: alternativa ao modelo de almacéns.
TEMA VIII. Memoria. O esquecemento	1. Teorías. 2. Trastornos da memoria. 3. Incremento de memoria.

TEMA IX. Solución de problemas e pensamento creativo	<ol style="list-style-type: none"> 1. Unidades básicas do pensamento. 2. Imaxinaría mental. 3. Probas de creatividade. 4. Etapas do pensamento creativo. 5. A personalidade creativa.
TEMA X. Representación mental do espazo	<ol style="list-style-type: none"> 1. Mapas cognitivos. 2. Coñecemento ambiental. 3. Noción de mapa cognitivo. 4. Investigacións empíricas.
TEMA XI. O punto cego	<ol style="list-style-type: none"> 1. Os paradoxos epistémicos derivados da irredutibilidade do suxeito cognitivo. 2. A arte desde a perspectiva dos ensaios alfa-operatorios das psicoloxías. 3. A Psicoloxía interpretada desde a arte.
TEMA XII. Psicoxénese	<ol style="list-style-type: none"> 1. Psicodelos. Expresión e representación. Afectos, preceptos e conceptos. Do ka ao look. A representación como representabilidade. 2. Psigheuresis. R.S.I.
TEMA XIII. Arte versus inercia	<p>Os obstáculos creativos.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Inercia primaria (pulsional) e arte primaria (sinthome). 2. Inercia secundaria (cultural) e arte secundaria (deconstrución). 3. Inercia terciaria (I+C, contracultural) y arte terciario (ecualización). <p>Postsubxectividade. Arte, cultura e obxectos (Verdú) desde a cultura contemporánea.</p>

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	30	45	75
Prácticas de laboratorio	10	30	40
Traballos tutelados	1	0	1
Traballos de aula	6	0	6
Outras (especificar)	0	8	8
Prácticas a través de TIC	1.5	7.5	9
Presentacións/exposicións	3	0	3
Probas de tipo test	1	0	1
Cartafol/dossier	0	7	7

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	É unha exposición dos contidos básicos de cada tema. Foméntase a participación do alumnado mediante a presentación de cuestións e exercicios para resolver durante as exposicións. A exposición de contidos está apoiada por presentacións PowerPoint que se subirán á Plataforma virtual Tema.
Prácticas de laboratorio	As prácticas de laboratorio preséntanse para que os alumnos/as teñan un contacto directo coa experimentación de onde xorden os contidos desenvolvidos nas sesións maxistrais. Nestas prácticas hai que sinalar dous tipos de implicación por parte dos alumnos/as: colaboración en prácticas e asistencia a prácticas. A colaboración nas prácticas implica que o/a alumno/a se converte en experimentador/a e que se responsabiliza de realizar o experimento na clase. A asistencia ás prácticas implica que o/a alumno/a se converte en suxeito experimental e participa nun grupo de control ou experimental. Propóñense un total de 13 experimentos clásicos relacionados cos contidos do temario (percepción, memoria e creatividade). Cada experimento está deseñado para ser levado a cabo por un grupo máximo de dous alumnos que se encargarán de realizalo na clase práctica (baixo a supervisión da profesora). O resto dos alumnos participan no experimento como suxeitos experimentais formando parte dun grupo de control ou experimental. Para a colaboración en experimentos crearanse grupos de, como máximo, dous alumnos/as, e tantos grupos como experimentos se propoñen para cada un dos cinco grupos de prácticas. A elección da colaboración en prácticas realizarase na Plataforma Virtual, onde se atopará un resumo de cada experimento, así como o deseño e o material necesarios para levalos a cabo. Non se poderá colaborar en máis dun experimento.

Traballos tutelados	<p>TRABALLOS TUTELADOS. 1. TRABALLOS DE ARTISTAS: elixirase un artista cuxa obra, proceso creativo ou experiencia estea relacionado coa temática proposta na materia. Trátase de reflexionar sobre a obra do/a artista a través do proceso psicolóxico. O traballo consta dunha pequena introdución na que se fala do proceso psicolóxico, unha contextualización na que se inclúe o momento histórico e a propia vida do/a artista, para finalizar coa análise da obra e a súa proxección na temática que se analiza. ÍNDICE: introdución, contexto, análise do traballo do/a artista, bibliografía. A extensión mínima do traballo mecanografado é de 15 folios a dobre espazo co tipo de letra Arial 12. Debe incluír bibliografía e estar paxinado. O traballo será individual. 2. XOGO PARA ENSINAR ARTE: crear un xogo (de cartas, un xogo tradicional como parchís, oca, etc.) para ensinar arte. O obxectivo é reflexionar sobre as etapas evolutivas na infancia-adolescencia e telas en conta para deseñar o xogo dirixido a achegar o neno/a ao mundo da arte. Pódense incluír os elementos que se consideren adecuados, mais deberanse xustificar: o uso da cor, determinadas formas, elementos de motivación (como eles mesmos ou persoas vinculadas dentro da obra[]), etc. É necesario xerar as normas do xogo (pódense ter en conta normas que xa existen). Á parte do xogo e das normas, entregarase un informe no que se xustifiquen as distintas características do xogo en función da etapa evolutiva a quen vai dirixido. ÍNDICE: etapa evolutiva, características do xogo, xustificación e bibliografía. O mínimo son 10 folios a dobre espazo e o tipo de letra, Arial 12. 3. IMAXES GUIADAS: elixir unha obra dun/ha artista e quitar do cadro unha personaxe (un punto, unha liña, unha personaxe[]) que nos servirá de guía para coñecer o/a artista e a súa obra. Todo ten que estar documentado e argumentado. Coñecer a etapa evolutiva para ver que é o que lles pode interesar máis aos nenos desa idade (motivación) e ter en conta o desenvolvemento cognitivo para adecuar o contido á idade. O traballo deberá conter un informe cos seguintes pasos: ÍNDICE: introdución (información sobre a etapa evolutiva a quen vai dirixido e por que), presentar o/a guía, facer unha viaxe para coñecer ao/a artista, coñecer a súa cidade e o seu momento histórico. Ex.: imos visitar ao artista á súa casa, imos ver o seu obradoiro e móstranos os seus traballos (un ou dos, os máis representativos). O informe terá unha extensión mínima de 15 folios a dobre espazo co tipo de letra Arial 12. Todos os traballos deben incluír unha portada co título do traballo, o nome e apelidos do/a autor/a, ano académico e materia. Ademais, deben incluír bibliografía e estar paxinados. A presentación de traballos farase en PowerPoint, previa revisión da profesora. O tempo máximo de exposición son 20 minutos. Na Plataforma Virtual da Universidade (FAITIC), no epígrafe PRÁCTICAS, atoparase a información sobre as distintas alternativas, coa posibilidade de introducir a elección correspondente. A data de entrega de todos os traballos é o último día de clase, o 20 de xaneiro de 2010.</p>
Traballos de aula	Realización de actividades en grupo relacionadas cos contidos da materia.
Outras (especificar)	Lecturas relacionadas coa materia. Esta actividade individual implicará un resumo e un comentario crítico. A extensión mínima do traballo mecanografado será de 10 folios a dobre espazo, co tipo de letra Arial 12. Tamén poderá ser presentado en clase cun tempo de exposición máximo de 15 minutos. A entrega dos resumos terá como data tope o último día de clase, o 20 de xaneiro de 2010.
Prácticas a través de TIC	Unha parte importante neste apartado é a proposta por parte dos alumnos de preguntas tipo test relacionadas cos distintos temas da materia. As preguntas terán 4 alternativas de resposta, das que só unha será correcta. Débese incluír feedback nas alternativas de resposta. As preguntas formuladas que teñan o visto e prace da profesora poden formar parte da proba tipo test para avaliar os contidos das clases maxistras. Propóranse outras actividades para traballar os distintos contidos da materia: cuestionarios, exercicios de autoavaliación, estudos de caso, análises de obras, participación en foros e utilización do WIKI. Estes exercicios desenvolveranse na Plataforma Virtual TEMA, con datas de entrega e con feedback por parte da profesora.
Presentacións/exposicións	As presentacións e exposicións, tanto de traballos tutelados como de lecturas, realizarase mediante PowerPoint, previa revisión da profesora. O tempo de exposición máximo oscilará entre 15 e 20 minutos (incluíndo o tempo de resposta a posibles preguntas por parte dos compañeiros).

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	Nas prácticas de laboratorio entregaráselle ao grupo (máximo tres alumnos/as) un deseño con todos os pasos. Resolveranse dúbidas e seguirase o proceso puntualmente ata a realización. Isto implicará reunións entre os alumnos/as e a profesora. Cada experimento implica a súa realización e a explicación de todo o proceso aos compañeiros, incluíndo os resultados. Para iso farase unha presentación PowerPoint que revisará a profesora. Os traballos tutelados requiren unha revisión de todo o proceso, a aceptación da proposta por parte da profesora, un esquema coas distintas partes, o visto e prace do traballo e a revisión da presentación. As actividades que se formulan a través de TIC recibirán unha valoración (feedback) por parte da profesora.

Traballos tutelados	Nas prácticas de laboratorio entregaráselle ao grupo (máximo tres alumnos/as) un deseño con todos os pasos. Resolveranse dúbidas e seguirase o proceso puntualmente ata a realización. Isto implicará reunións entre os alumnos/as e a profesora. Cada experimento implica a súa realización e a explicación de todo o proceso aos compañeiros, incluíndo os resultados. Para iso farase unha presentación PowerPoint que revisará a profesora. Os traballos tutelados requiren unha revisión de todo o proceso, a aceptación da proposta por parte da profesora, un esquema coas distintas partes, o visto e prace do traballo e a revisión da presentación. As actividades que se formulan a través de TIC recibirán unha valoración (feedback) por parte da profesora.
Prácticas a través de TIC	Nas prácticas de laboratorio entregaráselle ao grupo (máximo tres alumnos/as) un deseño con todos os pasos. Resolveranse dúbidas e seguirase o proceso puntualmente ata a realización. Isto implicará reunións entre os alumnos/as e a profesora. Cada experimento implica a súa realización e a explicación de todo o proceso aos compañeiros, incluíndo os resultados. Para iso farase unha presentación PowerPoint que revisará a profesora. Os traballos tutelados requiren unha revisión de todo o proceso, a aceptación da proposta por parte da profesora, un esquema coas distintas partes, o visto e prace do traballo e a revisión da presentación. As actividades que se formulan a través de TIC recibirán unha valoración (feedback) por parte da profesora.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Prácticas de laboratorio	Avaliación formativa continua.	0 a 1
	Avaliación sumativa: valórase a asistencia, a preparación e documentación, a claridade, a organización de contidos, o traballo en grupo e a actitude.	(10%)
Traballos tutelados	Avaliación formativa continua.	0 a 0,5
	Valórase a adecuación ás normas preestablecidas pola profesora e a actitude.	(5%)
Traballos de aula	Avaliación formativa continua.	0 a 0,5
	Avaliación sumativa: valórase a colaboración e a implicación nas actividades.	(5%)
Outras (especificar)	Avaliación sumativa de lecturas: valórase a adecuación ás normas preestablecidas, a implicación, o nivel de profundidade en argumentacións e reflexións, e a actitude.	0 a 0,5
		(5%)
Prácticas a través de TIC	Avaliación formativa e continua.	0 a 0,5
	Avaliación sumativa: valórase o emprego de distintas ferramentas, a implicación, as argumentacións e reflexións, e a actitude.	5%
Presentacións/exposicións	Avaliación formativa e continua.	0 a 0,5
	Avaliación sumativa: valórase a claridade e a sinxeleza na exposición, a compostura e a actitude na exposición.	(5%)
Probas de tipo test	Avaliación sumativa e final: consistirá nunha proba obxectiva sobre os contidos que conforman a materia. A proba constará de 30 preguntas con catro alternativas, das que só unha é correcta.	0 a 6
	Esta proba realizarase o día 27 de xaneiro de 2011, no horario de teoría.	60%
Cartafol/dossier	Avaliación final do traballo tutelado: valórase a adecuación ás normas establecidas, a preparación, a claridade, os medios utilizados e o nivel de profundidade.	0 a 0,5
		5%

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación final: la valoración final consistirá na suma das puntuacións acadadas en todos os apartados. A puntuación mínima para superar a materia é de 5 puntos. Para optar á matrícula de honra será necesario obter a puntuación máxima en cada apartado.

Avaliación optativa: los alumnos que, por circunstancias persoais, non realicen ningunha actividade práctica poden presentarse só ao exame final. Consistirá nunha proba obxectiva sobre os contidos que conforman a materia. A proba constará de 30 preguntas. A valoración máxima desta proba é de 6.

A proba tipo test realizarase o 27 de xaneiro de 2010 no horario de teoría.

PROBA DE AVALIACIÓN CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XULLO: 2 DE XULLO ÁS 10.00 HORAS

Bibliografía. Fontes de información

CAMPOS, A., **Manual de prácticas de psicología básica**, 1988,

COON, D., **Psicología**, 1999,

FERNÁNDEZ BALLESTEROS, J. L., **Procesos básicos de psicología general I**, 2000,

GOLDSTEIN, E.B., **Sensación y percepción**, 1999,

LAHEY, B.B., **Introducción a la psicología**, 1999,

MYER, D. G., **Psicología**, 1999,

SCHIFFMAN, H. R., **La percepción sensorial**, 1981,

ROCK, I., **La percepción**, 1985,

VEGA DE M., **Introducción a la psicología**, 1984,

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA

ARNHEIM, R. (1995). *Arte y percepción visual*. Madrid: Alianza.

BALLESTEROS, S. (2000). *Psicología general: un enfoque cognitivo para el siglo XXI*. Madrid: Universitas.

BEST, J.B. (2001). *Psicología cognitiva*. Madrid: Paraninfo.

S.A. (1993). *El desarrollo de la imaginación*. Barcelona: Paidós.

GOMBRICH, E. H. (1993). *La imagen y el ojo*. Madrid: Alianza Forma.

GOMBRICH, E. H. (1998). *Meditaciones sobre un caballo de juguete y otros ensayos sobre la teoría del arte*. Madrid: Debate.

LÁZARO, V. (2000). *La representación mental del espacio a lo largo de la vida*. Zaragoza: Egido.

SCHACTER, D. L. (1999). *En busca de la memoria: el cerebro, la mente y el pasado*. Barcelona: Ediciones Grupo Zeta.

VIGOUROUX, R. (1996). *La fábrica de lo bello*. Barcelona: Prensa Ibérica.

Recomendacións
